

Protocolo do rasurado coa navalla

a) Técnicas previas o rasurado

1. Recepción do cliente
2. Acomodación do cliente
3. Preparación do profesional
4. Análise da pel e o pelo
5. Preparación do cliente
6. Preparación material e cosméticos
7. Preparación da pel:
 - Limpeza superficial da pel:
 - leite (retirar con esponxas húmidas en auga quente e despois secar co paño a toqueciños)
 - tónico (aplicalo con algodóns)
 - Limpeza profunda
 - Exfoliación
 - Hidratación
8. Masaxe (para preparar a pel e levantar o pelo)
9. Técnica de abrandamento (aceite e toalla quente)

b) Execución do Rasurado

10. Bañado (comenzar polo mentón con movementos circulares)
11. Realización da técnica de rasurado (dende a patilla cara o pescozo – madíbula a mentón- pescozo- medio bigote. Despois rasuramos o outro lateral coa orde de execución igual que no primeiro. Rematamos coa zona central mentón e bigote) seguirase a dirección do nacemento do pelo co pase da coitela, na zona central do pescozo cando a noz está moi marcada deslizaremos a pel cara os laterais para facer o rasurdo nesta zona. Rematado o rasurado supervisar o apurado (pasamos a man a contrapelo se notamos algún pelo quere dicir que o rasurado non está ben realizado e procederemos a un segundo bañado máis lixeiro con menos produto e con pases máis rápidos. Se temos un pelo moi duro e groso este segundo pase pode ser a contrapelo pero esta técnica non é recomendable posto que os pelos poden enquistarse o salir e quedar debaixo da pel.
12. Eliminación do cosméticos (toalla templada)
13. Aplicación toalla fría ou pulverización coa aparatoloxía
14. Aplicación do cosmético refrescante, hidratante... coa masaxe
15. Despedida